



**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación e ante o Alcalde en relación coa **substitución de tubaxes de fibrocemento para auga potable no concello de Ribeira.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación dun concello moderno debe estar no mantemento e arranxo das infraestruturas básicas e substituílas se fose preciso. Entre estas dotacións están a do subministro de auga potable.

A rúa que une Frións coas Abesadas pasa polo entorno de Cubeliños. Nesta zona hai numerosas vivenda unifamiliares así como vivendas adosadas de recente construción. Nesta zona son numerosas as roturas de tubaxes do subministro de auga, o que deixa sen un servizo básico á veciñanza da contorna. Esta cuestión non é un caso puntual xa que no último ano houbo máis dunha ducia de roturas que deixan sen subministro a varios centos de veciños e veciñas.

Algo semellante ocorre noutras partes do concello, como pode ser a estrada que vai da Mámoa ao cruce do Vilar onde as roturas son case que semanais.

A razón desta reincidencia na rotura está no material co que están fabricadas as canalizacións, son dun material xa non usado para esta finalidade: fibrocemento.

Esta é unha situación lamentable nun concello como é o de Ribeira que debería poñer fin a estas deficiencias acometendo unha obra que permita substituír estas canalizacións por outras que non requiran tanto mantemento.

Ante isto o grupo municipal do BNG de Ribeira

### SOLICITA:

- 1º) Que o concello de Ribeira **elabore un Plan de substitución de tubaxes de auga potable fabricadas en fibrocemento** por outras de materiais máis resistentes e menos contaminantes. Este Plan deberá abranguer todo o territorio do concello.
- 2º) Que o concello de Ribeira tome as medidas oportunas para que, **de xeito inmediato, se substitúan as canalizacións de auga potable na zona de Frións-Cubeliños.**
- 3º) Que o concello de Ribeira tome as medidas oportunas para que, **de xeito inmediato, se substitúan as canalizacións de auga potable na zona da Costa da Mámoa-Cruce do Vilar.**

Asdo.: Luís Teira Parada  
Concelleiro do BNG de Ribeira